



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Setembro 2023 • Nº 281

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

VEDRA FESTEIRA

- FESTAS DAS DORES EN VEDRA: 2, 3 e 4 de setembro.
- FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA: 7, 8 e 10 de setembro.
- FESTAS DO PATIO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA: 16, 17 e 18 de setembro.
- FESTA DO SAN MIGUELIÑO EN SAN MIGUEL DE SARRANDÓN: 29, 30 de setembro e 1 de outubro.
- FESTA DO SAN QUIETÁN EN VEDRA: 30 de setembro.

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA

- Vedra continúa ofertando este servizo de información de catastro.

IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

EN SETEMBRO SERÁ O MARTES 19 DE SETEMBRO.

ITV AGRÍCOLA NO CAMPO DA FESTA DE VEDRA

- Volve a Unidade Móbil para os vehículos agrícolas do noso municipio.

- **Datas:** 30, 31 de outubro e 2 de novembro.
- **Horarios:** De 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas.

IMPRESINDIBLE SOLICITAR CITA PREVIA A PARTIR DO 1 DE OUTUBRO NO TELÉFONO 902 30 90 00.

HORARIO DE VERÁN

- O HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO ATA O 15 DE SETEMBRO SERÁ DE 9:00 A 13:00 HORAS.

**A PARTIR DO 16 DE SETEMBRO
ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 9:00 A 14:00 HORAS**

XULGADO DE PAZ

- ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305. **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.** Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

XESTIÓN TRIBUTARIA – CALENDARIO FISCAL IBI, IAE e TAXAS 2023

- Dende o día 1 de agosto e ata o 15 de novembro estará a disposición dos contribuíntes os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS. Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 11 de outubro.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e mesmo realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio Concello.

Para máis información, poderán facer a súa consulta a través do número de teléfono do Concello 981 814 612.




Descenso polo Ulla.



Campo de Voluntariado realizado conxuntamente co Concello de Boqueixón baixo o lema Visibilizando Camiños.



Etape do Goza do Ulla en Vedra.



Ludoverán.



Excursión do Verán da Terceira Idade.



Piscina municipal.



Aluguer de piraguas en Agronovo.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



XX Festival de Bandas de Música do Patio en Santa Cruz de Ribadulla.



ACAMPARTE da ANPA do CEIP Ortigueira.



Campus Deportivo do Club Olímpico de Vedra.



Escola Ambiental de AMABUL.



Festa do Chourizo en San Pedro de Sarandón.



XXIV Concentración Moteira Val do Ulla.



CURSO 2023/2024

DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VEDRA

■ Con este exemplar do Boletín Informativo achégase un Folleto de Actividades Culturais e Deportivas Municipais para o curso 2023/2024.

LEMBRA...

NAS ACTIVIDADES CULTURAIS...

- **RENOVACIÓN DE PRAZAS:** Do 4 ao 13 de setembro (as persoas usuarias das actividades serán informadas do procedemento a seguir)
- **NOVAS MATRÍCULAS:** Formalización do 19 ao 27 de setembro (toda a información no folleto informativo do vindeiro curso)

Consultas e información no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: cultura@concellodevedra.gal

NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS...

• RENOVACIÓN:

Do 4 ao 13 de setembro ábrese o prazo para que as persoas usuarias das actividades deportivas municipais, tanto actividades deportivas para persoas adultas como actividades deportivas en idade escolar, poidan renovar a súa praza para o vindeiro curso.

A principios de setembro recibirán un correo electrónico cun enlace dende o servizo de deportes para poder facer a renovación en liña. Tamén poderán tramitar as renovacións de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón. No caso de que non reciban o enlace

de inscrición póñanse en contacto co servizo de deportes, sempre antes do 14 de setembro, no enderezo de correo electrónico deportesvedra@outlook.es, ou por teléfono pola mañá chamando ao concello (teléfono. 981 814 691) ou pola tarde ao pavillón (teléfono. 981 502 290) dentro dos horarios que se indicaron anteriormente.



OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN NAS CONSERVAS CON MARÍA JESÚS GESTOSO MACEIRA NA CASA DA ESCOLA DE SAN MAMEDE DE RIBADULLA

■ O Departamento de Cultura ofrece esta alternativa de interese para a veciñanza, na que aprender sobre a elaboración de conservas e licores caseiros.

- **Data:** sábado 30 de setembro ás 16:30 horas.
- **Lugar:** Casa da Escola de San Mamede de Ribadulla.
- **Prezo:** 20€ inclúe os materiais. Cada participante levará unha proba do resultado obtido.

INSCRICIÓNS NO TELÉFONO 981 814 691 ATA CUBRIR AFORO.



A ESTACIÓN: PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO

A ESTACION

CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2023

(SETEMBRO-OUTUBRO)

Setembro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Outubro 2023						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Curso	Nº horas	Horario
Habilidades sociais (18 de setembro)	3	10 a 13 horas
Oratoria empresarial: falar en público (25 e 26 de setembro)	5	10.30 a 13 horas

Curso	Nº horas	Horario
Do proxecto persoal ao proxecto laboral (2 de outubro)	3	10 a 13 horas
Primeiros auxilios (10 de outubro)	4	16.30 a 20.30 horas
Orientación para emprender (16 de outubro)	3	10 a 13 horas
Intelixencia emocional en ambientes profesionais (23, 24, 25 e 26 de outubro)	10	10.30 a 12 horas

Información detallada e inscricións nos tfños. 981 51 22 44, 667 905 330

ou en aestacion@concellodevedra.gal

No noso Facebook terás información actualizada de cada curso (@A Estación Vedra)

Cursos abertos a todo o público

Nº máximo de prazas por curso: 12

REDE
PROVINCIAL DE
ESPAZOS
DE TRABALO

Deputación
DA CORUÑA
PEL
Plan de
Emprego
Local

terrasde
compostela

Concello
de Vedra

PRESENTACIÓN DO PROXECTO “A ESTACIÓN 4”

■ En A Estación continuamos prestando servizo a emprendedor@s, empresas e público en xeral.

A continuación deixámosvos información sobre os 4 programas abertos, así como o cronograma da formación gratuíta a desenvolver nos vindeiros meses.

Para máis información podedes poñervos en contacto connosco nos teléfonos 981 512 244, 600 425 016, 667 905 330 ou en aestacion@concellodevedra.gal.

ERES PRE-EMPRENDEDOR/A?

- Tes algunha idea á que lle queres dar forma, pero non tes claro se montar un negocio?
- Eres de Vedra ou estás valorando emprender aquí?

En A Estación ofrecemos un **servizo de COACHING gratuíto**, por se o precisas. Contacta connosco sen compromiso.



ERES EMPRESA?

- Pensas que a túa empresa ten que buscar novos mercados ou novas liñas de negocio?
- Valoraches reestruturar o teu modelo de negocio?
- Tes dúbidas sobre continuar ou non?

Ofrecémosche o **programa RESET**, un servizo de asesoramento puntual ou continuado, segundo as túas necesidades.

ERES EMPRENDEDOR/A?

- Tes algunha idea de negocio e precisas apoio e soporte para comezar a túa actividade empresarial?
- Necesitas dun plan de negocio?
- Tes dúbidas sobre o teu enfoque, quen poden ser os teus clientes, etc.?
- Precisas dun espazo de traballo, que ademais sexa colaborativo?

A Estación conta cun **servizo especializado en CONSULTORÍA DE NEGOCIO** e en xerar sinerxías con outras empresas e profesionais.



ERES UNHA ENTIDADE DO TERCEIRO SECTOR?

- Eres unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro de Vedra ou con actividade en Vedra?
- Precisas de apoio para idear, deseñar, presentar ou levar a cabo proxectos ou iniciativas que redunden na mellora do noso concello?

Dispoñemos do **programa D-RURAL**, con asesoramento e titorías específicas.



VOLVEN AS ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE BÓTALLE UN OLLO Á PROGRAMACIÓN E INSCRÍBETE EN SETEMBRO!!

■ **Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias (AGADEA):**

de luns a venres de 9:30 a 13:30 h.

CURSOS OUTUBRO 2023 - XUÑO 2024

Ximnasia de maiores:

os luns e mércores de 18:15 a 19:15 h. e de 19:15 a 20:15 h.

Obradoiro de traballo corporal:

os martes de 19:00 a 20:00 h.

Obradoiro de memoria:

os xoves de 17:00 a 18:30 h. e de 18:30 a 20:00 h.

Canto-Coral:

os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos terán un custo de

matrícula de 20 € (de outubro a xuño).

OUTROS CURSOS:

Laborterapia: pintura en roupa, trapillo... (As mans da avoa

- Gratuíto):

os martes de 17:00 a 19:00 h.

Obradoiro de Teatro (Gratuíto):

pendente de fixar data.

Bailoterapia: 20 €/trimestre,

dende outubro a decembro, os xoves de 19:00 a 20:00 h.

Hipopresivos: 20 €/trimestre,

dende outubro a decembro, os venres de 18:00 a 19:00 h.

INSCRICIÓNS AO LONGO DO MES DE SETEMBRO NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS OU CHA-

MANDO AOS TELÉFONOS 981 814 695- 981 814 693 (en horario de mañá).

INSCRICIÓNS PRESENCIAIS NO CENTRO SOCIAL:

OS VENRES 15 E 22 DE SETEMBRO DE 19:30 a 21:00 H.

AXENDA PARA SETEMBRO...

CELEBRACIÓN DA PATROA DO CENTRO SOCIAL

"Festa do Burgo", na carballeira. Sábado 9 de setembro ás 13:00 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os/as que queiran poden levar a comida ...

Actuación musical.

Bingo

Xoves 21 de setembro ás 20:00 h.

PROGRAMA COIDADOS PORTA A PORTA EN VEDRA OS DÍAS 8, 11, 12 e 13 DE SETEMBRO

■ Chega de novo a Vedra este programa destinado a persoas maiores de 55 anos.

Todos os servizos ofertados son gratuítos e serán os seguintes:

- **Servizo de prevención da xordeira:** atención básica, informativa e de prevención.
- **Servizos de podoloxía:** para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés (eliminación de durezas, control de uñas).
- **Servizos de prevención do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.** Consistente en: realización de probas de valoración cognitiva, exercicios e fichas de estimulación cognitiva, actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, prevención da soidade non desexada e promoción da autonomía persoal.



Coidados porta a porta

Levamos servizos asistenciais ás persoas maiores no rural para a prevención da dependencia.

Información e cita previa

622 748 283 623 546 992

coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Poderase solicitar cita previa dende o 8 de agosto nos seguintes teléfonos 622 748 283 e 623 546 992 ou mediante correo electrónico coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescripción técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.



■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.

Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA





LUDOTECA MUNICIPAL

■ O mes de setembro vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles aos menores a convivir con outros, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación. Trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos menores, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

- Horario do 1 ao 8 de setembro: de 8:30 a 14:30 h.
- Horario a partires do 11 de setembro: de luns a venres de 14:30 a 20:00 horas.



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

INFORMACIÓN DE INTERESE DOS SERVIZOS SOCIAIS

■ 1.- INFORMACIÓN PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO. TEMPADA 2023/2024

PREVISIBLEMENTE ao longo do **mes de setembro** todas aquelas persoas que xa estiveran acreditadas en anos anteriores e as que se deron de alta no mes de xuño e xullo pasados, recibirán a carta co código persoal para a elección das viaxes concretas.

O contrato da viaxe poderase facer a través das axencias de viaxes acreditadas ou nas seguintes páxinas web: para turismo de escapada <https://www.turismo-social.com/> e para turismo de costa <https://www.mundiplan.es/>

Ofertarán tres tipos de viaxes:

- Turismo de costa peninsular
- Turismo de costa insular
- Turismo de escapada, que comprende circuitos culturais, turismo de natureza, capitais de provincia e viaxes ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Máis información no teléfono do IMSERSO: **912 667 713** ou na súa páxina web <https://sede.imserso.gob.es/>

■ 2.- BONO CONCILIA FAMILIA

Consiste na concesión dunha axuda económica a familias con crianzas de ata 12 anos de idade, estes incluídos, para a atención das necesidades de conciliación puntuais durante os períodos de vacacións es-

colares do ano 2023 (do 1 ao 6 de xaneiro, do 20 ao 22 de febreiro, do 3 ao 10 de abril e do 22 de xuño ao 8 de setembro).

O prazo de solicitudes remata o 15 de setembro e deberán presentarse obrigatoriamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia utilizando Chave 365, certificado dixital ou dni-e. O código do procedemento é o BS412A. Para máis información, consultar as bases reguladoras publicadas no DOG do 4 de xullo.

■ 3.- PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR:

É un programa da Xunta de Galicia destinado a persoas coidadoras non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada documentalmente. **O prazo de solicitudes está aberto ata o 30 de outubro de 2023.**

Existen 3 modalidades: **1.** Respiro no fogar, **2.** Respiro en centro de día, **3.** Respiro en residencia.

Máis información:

- Bases reguladoras e convocatoria (DOG núm. 74, do 18.04.2023)
- Teléfonos da Xunta de Galicia: 881 999 183 / 881 881 528 / 881 881 951.
- Servizos sociais do Concello de Vedra: 981 814 693.

Continúa na páxina 9

■ 4.- TARXETA BENVIDA:

É unha axuda económica para as familias que durante o ano 2023 teñan descendencia ou que a tiveran durante os anos 2021 ou 2022 e non puideran solicitala por ter superado ingresos e na actualidade experimenten unha variación á baixa da renda da unidade familiar.

Requisitos:

- Residencia habitual en Galicia.

- Renda da unidade familiar non superior a 45.000€.
- No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 €.

Máis información:

- Dirección xeral de familia, infancia e dinamización demográfica da Xunta de Galicia: 981 544 634 ou tarxetabenvida.familia@xunta.gal.
- Concello de Vedra: 981 814 612.

SERVIZO DE MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación Corresponsables, continúa a funcionar no curso 2023/2024, comezando o día 12 de setembro, podendo facer uso do servizo dende este mesmo día. O horario do servizo desenvólvese dende as 7:00 ata as 9:30 h.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h. ou no mail carmen.sabio@concellodevedra.gal



Muller

ARRANCAMOS DE NOVO O “MULLERES +”

■ **MULLERES + 2023” Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.**

Esta acción formativa busca que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e vai destinada ao coñecemento e adquisición de novas capacidades en informática, que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral e a desenvolverse autonomamente nas xestións da vida cotiá.

O Programa **MULLERES+**, programa para a promoción da igualdade e autonomía e prevención da violencia de xénero. Nesta nova andaina estamos a desenvolver os talleres de podcats “**MOITAS MULLERES NUNHA SOA MULLER**” tratando de difundir e poñer en valor dende as experiencias persoais a construción e o apoderamento das mulleres na sociedade, realizando unha unidade didáctica para a sensibilización cara o feminismo. Podes escoitar o podcats aquí: https://www.youtube.com/watch?v=k_rPghRDa1g

O CURSO É GRATUITO!!!

Para máis información carmen.sabio@concellodevedra.gal, teléfono 699 041 486 ou 981 814 693, de 9:00

a 14.00 horas.



A violencia contra as mulleres e nenas ten as súas raíces na discriminación baseada no xénero, nunhas normas sociais que aceptan a violencia e en estereotipos de xénero que a perpetúan. Non podemos esquecer que a sociedade no seu conxunto somos quen de mudar estas agresións, Que podemos facer se...

Sospeitas que unha muller sofre violencia machista?

Se unha persoa da túa contorna sofre ou sufriu algunha destas experiencias, estades ante unha situación de violencia machista:

PRIMEIROS SINAIS DE ALERTA:

- Cando estás con ela, a súa parella aproveita calquera anécdota para pola en ridículo.
- Cando estades soas e pregúntaslle como vai a súa relación de parella, ela cambia de tema.
- Cando notas que non quere quedar tan a miúdo e, cando quedades, ela despois non aparece ou ten que marchar rápido.

Continúa na páxina 10



- Cando cada vez que recibe un whatsapp da súa parella ten que responder inmediatamente e dicir-lle onde e con quen está.
- Cando sempre se adapta aos gustos da súa parella e parece que ela cambie os seus.
- Cando ves que ela tenta compracer sempre á súa parella.

PARA ESTAR MÁIS ALERTA:

- Cando a súa parella rompeu obxectos que para ela son de valor.
- Cando oes que el a ameaza ou ben explícache como a ameaza.
- Cando a ves triste, con mala cara, ou notas que lle cambiou o carácter.
- Cando ves que ela reacciona con medo cando cre que algunha cousa o pode molestar.

QUE ACTITUDE PODE AXUDAR?

- escoitar o que che explique e non polo en dúbida. É importante que respectes o seu tempo e que deixes que fale coas súas palabras, e tamén que lle agradezas a confianza.
- Controlar a rabia que poidas sentir ao decatarte da situación.

- Facerlle saber que non se merece o que está a pasar e que queres axudala.
- Mostrar respecto polas decisións que tome.
- Propor vervos un pouco máis a miúdo.
- Pedir asesoramento a persoal especializado.
- Animala para que o explique a algunha persoa da familia en quen confíe.
- Ser perseverante e ir contactando e falando, non desistir e comprender que é un proceso longo de idas e vidas.
- Non forzar nunca unha denuncia ou unha separación. Pode ser que ela non estea preparada.

E LEMBRA...ONDE PODEN AXUDAR:

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra** de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.
- **CIM, centro de información á muller:**
 - atención xurídica Venres de 8.00 a 15.00 h.
 - atención psicolóxica Martes de 8.00 a 15.00 h.
- **TELÉFONO 981 81 46 93**
- **Teléfono 016 - 016 online** por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.
- **Teléfono da Muller: 900 400 273.**



Novo Curso Asociativo

CLUB OLIMPICO DE VEDRA. TEMPADA 2023/2024

■ O Club Olímpico de Vedra abre o prazo de matrícula o vindeiro 1 de setembro para novas altas e renovacións nas escolas de Atletismo, Tríatlon e Dúatlon.

A tempada 23/24 dará comezo o luns 4 de outubro. Mais información nas redes sociais do Club, no enderezo electrónico olimpicodevedra@hotmail.com ou no WhatsApp 621 017 384.

ATLETISMO				TRÍATLON/DÚATLON			
GRUPO DE BASE 1 PISTA MULTIUSOS DE VEDRA-CPI VEDRA (categorías ano 2024)	LUNS	MÉRCORES	VENRES	GRUPO DE BASE PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA (categorías ano 2024)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• SUB 8 (nados 2017) • SUB 10 (nados en 2016-2015) • SUB12 (nados en 2014-2013)	16:15 a 17:10h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:10h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:30h (pavillón ou pista)	• GRUPO 1 • Benxamin (nados en 2016-2015) • alevín (nados en 2014-2013) • infantil (nados en 2012-2011)	18:30-19:15H CARREIRA TEO 19:15-20:00H NATACIÓN TEO	17:15H-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA	17:30 a 18:30 H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 19:15-20:00h NATACIÓN TEO
GRUPO DE BASE 2 PAVILLÓN E PISTA MULTIUSOS DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES	• GRUPO 2 • cadetes (nados en 2010 e 2009) • xuvenil (nados en 2008 e 2007) • júnior (nados 2006-2005)	17:15-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN TEO	18:30H-19:15H CARREIRA RAMALLOSA 19:30H-20:30H NATACIÓN TEO (CADETES DE 2008 E XUVENIS-ATA AS 21.00H)	17:30-18:30H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN TEO
• SUB 14 (nados 2012-2011) • SUB 16 (nados 2010-2009) • SUB 18 (nados 2008-2007)	17:15 a 18:15h (pavillón ou pista)	17:15h a 18:15h (pavillón ou pista)	17:15 a 18:15h (pavillón ou pista)				

A ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA ABRE PRAZO DE MATRÍCULA PARA O CURSO 23/24

■ A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra comeza un novo curso o vindeiro 11 setembro. **AÍNDA ESTÁS A TEMPO DE INSCRIBIRTE!!!**

Prazo de matrícula aberto os días 5 e 6 de setembro de 17:00 a 19:00 h. na oficina da Escola (Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla).

ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO. Curso 2023-2024 ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA DO 1 AO 30 DE SETEMBRO

■ ACTIVIDADES:

- **ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL:** Gaita - Requinta - Acordeón - Percusión - Baile tradicional - Pandeireta
- **CLASES DE BAILES DE SALÓN**
- **CLASES DE BAIXO ELÉCTRICO E UKELELE**
- **BAILE MODERNO**
- **CLASES DE GUITARRA ESPAÑOLA E GUITARRA ELÉCTRICA**

As actividades quedarán suxeitas a acadar un número mínimo de participantes para a súa posta en funcionamento. Inscripcións ata o 30 de setembro; inicio das clases no mes de outubro.

Lugar das actividades:

- Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Para máis información e inscricións:

- E-mail: acsancampio@gmail.com

ESCOLA CARREIRAS POR MONTAÑA DA ASOC. VÉRTICE. TEMPADA 23/24

■ En setembro volve a Escola Vértice de Carreiras por Montaña: técnica, velocidade, natureza, compañeirismo.

Inscricións abertas!

- **Onde?** Lestedo-Pico Sacro, Boqueixón
- **Cando?** Os xoves pola tarde:
 - Nad@s en 2017-2012: de 16:30 a 18:00 h.
 - Na@s en 2011-2007: de 18:00 a 19:30 h.

Impartida por Verónica Calvo Dopazo, seleccionadora galega de carreiras por montaña. Inscripcións e máis información: <https://clubvertice.es/escola>

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA TEMPADA 23/24

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2005, 2006 e 2007
Cadete	2008 e 2009
Infantil	2010 e 2011
Alevín	2012 e 2013
Benxamín	2014 e 2015
Prebenxamín	2016 e 2017
Biberón	2018 e 2019

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.escolasdeportivasvedra.org/inscripcion>

+ Información

 escolasdeportivasvedra@gmail.com

 622 62 92 05

 <https://www.escolasdeportivasvedra.org>

Iniciativas das Asociacións

TROFEO CONCELLO DE VEDRA

■ Entre U.D. Val do Ulla e C.D. San Mamed, o 2 de setembro ás 19:30 h. no Campo de fútbol de O Coto en Santa Cruz de Ribadulla.

A BOTE PRONTO '23 COA ASOC. ACUXUVE

■ **OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á BATUCADA**, martes 26 de setembro.

- Gratuito, inscricións ara o 22 de setembro.
- Para xóvenes de 13 a 30 anos.
- Máis información e inscricións: acuxuve@gmail.com e no 619 520 793.

30º CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN O 10 DE SETEMBRO EN PONTE ULLA

■ Inscripción gratuíta obrigatoria en www.gundian.gal ata o 6 de setembro.

Categorías de 0 a 99 anos. Premios para todos os participantes. Máis de 1.000 € en vales de compra.



Máis información en www.facebook.com/carreira-gundian, contacto@gundian.gal e 690 129 257.




A ALBERTO GARCÍA ALBELA

■ Por ser seleccionado polo Comité Español de Doma Clásica para participar no Campionato de Europa U25-YR en Pilisjászfalu - Budapest.



A GABRIELA QUINTÁS

■ Por proclamarse Campiona Galega de Triatlón no Campionato Galego Individual do Circuito Supersprint CD/XV/JN celebrado en Ferrol no mes de xullo.



A LAURA CERNADAS CASTIÑEIRAS

■ Polo seu aproveitamento sobresaínte nos seus estudos de Formación Profesional acadando a distinción da USC dende o seu Programa "Mellores Expendientes FP" de toda Galicia.



A IVÁN GARCÍA GARCÍA

■ Pois grazas ao seu traballo de investigación (tese doutoramento) "O asociacionismo no desenvolvemento socioeducativo e cultural do Concello de Vedra. Orixes, actualidade e perspectiva", Vedra conta con este estudo de interese para o noso municipio.



Á FAMILIA FRAGOSO PEGITO

■ Polo seu recoñecemento na XV edición de "A Festa da Palabra", organizada pola Fundación Insua dos Poetas, recibindo da man de Luís González Tosar o premio na categoría "Cultura galega na Emigración" pola súa defensa dende Arxentina da nosa lingua e tradicións.



A XANELA DA LINGUA

O XIMNASIO LÉXICO

■ dominio dunha lingua non significa só coñecer un repertorio léxico senón tamén ser quen de empregar as palabras con naturalidade e espontaneidade. Dunhas só é preciso saber vagamente o significado, outras xa están no vocabulario cotián, pero en ocasións deformadas, pois atribúeselles un significado equivocado ou tenden a escribirse incorrectamente.

O *Ximnasio Léxico* permite adestrar o manexo óptimo do vocabulario xogando de distintas maneiras. Aprender e afianzar o léxico galego divertíndose e competindo. Este é o propósito do *Ximnasio Léxico*, a aplicación de xogos baseada no Dicionario da Real Academia Galega que xa pode descargarse en todos os dispositivos móbiles de Android e iOS.

Con esta iniciativa a RAG continúa avanzando na es-

tratexia de incorporar a lingua ás tecnoloxías da comunicación e faino ademais aproveitando os aspectos lúdicos e didácticos, pensando principalmente nas novas xeracións, se ben o *Ximnasio Léxico* é unha aplicación atractiva para persoas de todas as idades.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e a directora da Fundación Barrié, Carmen Arias, presentaron esta nova ferramenta concibida para reforzar o vocabulario normativo. Con esta proposta ambas as institucións avanzan na súa colaboración para fornecer o público de todas as idades de recursos que contribúan á divulgación da lingua galega e a darlles máis seguridade e naturalidade na expresión a todos os falantes, desta volta cunha aplicación participativa de xogos e descubertas arredor do galego.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!